FOMENTO DA MOBILIDADE SOSTIBLE.
ITINERARIO PEONIL E CICLISTA NA AC-221. OLEIROS.

1. Obxecto da Actuación

O obxecto da actuación é definir e valorar os traballos necesarios para a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada AC-221, entre os puntos quilométricos (PP.QQ.) 2+180-4+200, entre a contorna de Vilanova e A Seara (Oleiros) ata o núcleo de O Pastel (Cambre). Con esta actuación perséguese o fomento da mobilidade sostible en condicións seguras.

2. Plan de Estradas

A estrada convencional AC-221 San Pedro de Nós (N-VI) - Mabegondo (AC-542) pertence a rede local da Rede Autonómica de estradas de Galicia.

3. Descrición da Actuación

A actuación consiste na execución dunha senda de formigón na AC-221 en dous treitos, o primeiro entre os PPQQ 2+180-3+130 que discorre pola marxe esquerda; e o segundo entre os PPQQ 3+320-4+200 pola marxe dereita.

- Construción dunha senda de formigón de uso compartido peonil-ciclista en paralelo a estrada de 2,2 a 2,5 m de ancho
- Ensanchado da beiravía existente.
- Disposición de zonas de estacionamento.
- Xeración dunha franxa axardinada de separación entre a calzada e a senda onde sexa posible.
- Execución da rede de drenaxe de augas pluviais e novos tramos de redes de servizos.
- Construción de muros de contención.
- Disposición de elementos de sinalización vertical e repintado das marcas viarias afectadas polas obras.

4. Características técnicas

Lonxitude da senda: 1.830 m.

Seccións tipo senda:

- Zona xeral: 2,50m de senda + 0,80m zona verde+0,22 m bordo + 1m beiravía.
- Zona con aparcamentos (terreo consolidado): 2,52m de senda (incluído 0,22 m bordo) +2,20 estacionamento.
- Zona pasos vehículos: 3,50m de senda (incluído 0,22 m bordo)+ 1,0 m beiravía
- Zona de desmontes: 2,20m de senda + 0,80m zona verde+ 0,22 m bordo + 1m beiravía.
- Zona con aparcamentos (terreo non consolidado): 2,20m de senda (incluído 0,22 m bordo) +2,20 estacionamento.

Firmes e pavimentos:

- *Senda*: explanada de 55cm de solo seleccionado S2 (previa retirada de 30cm de terra vexetal) + 8 cm de formigón sen colorante HF-4,0 na capa inferior + 6 cm de formigón coloreado HF-4,0 cor terrizo na capa superior. No caso de cruzamentos con estradas colocarase pavimento táctil indicador de proximidade.
- *Senda en zonas de accesos:* explanada de 55cm de solo seleccionado S2 (previa retirada de 30cm de terra vexetal)+ 20 cm de formigón sen colorante HF-4,0 con mallazo #15x15x10, con un ancho mínimo de 4m e ata os 8m para locais comerciais.
- *Estrada AC-221 (en zonas de ampliación)*: explanada de 55cm de solo seleccionado S2 (previa retirada de 30cm de terra vexetal) +35 cm subbase de saburra artificial+ 10 cm capa intermedia de mestura bituminosa en quente (MBQ) AC22 bin BC 50/70D+ 5 cm capa de rodadura de MBQ AC16 surf BC50/70S.
- *Estrada AC-221 (ODT 3 e 5)*: 20 cm subbase de saburra artificial+ 21cm capa intermedia formigón HF-4,0 sen colorear+ xeocomposto de reforzo con recubrimento bituminoso+ 5cm capa de rodadura de MBQ AC16 surf BC50/70S.
- Cruzamento con camiños locais: 5cm capa de rodadura de MBQ AC16 surf BC50/70S.

Drenaxe lonxitudinal: instalación de colectores, sumidoiros e pozos de rexistro.

Drenaxe transversal: substituiranse as ODT existentes nos p.q. 1+308 e 2+020 por marcos de 2x1 m e a ODT existente no p.q. 0+850 por un tubo de 1000 mm de diámetro.

Estruturas: executaranse 6 muros de manpostería de contención de taludes de desmonte de altura inferior a 1,5m e lonxitudes variables entre 13 m e 84 m e 6 muros de manpostería de sostemento de terrapléns de altura máxima 3,5m e lonxitudes entre 17m e 210m.

Obras complementarias:

- Retranqueo de 2 luminarias de alumeado público e preinstalación de canalización de telecomunicacións.
- Reposición rede telefonía nun tramo de 8m
- Revexetación dos noiros
- Sinalización e defensas.
- Prisma de telecomunicacións o longo da senda

5. Poboación Servida (INE 2025)

Oleiros	38.793 hab.	Cambre	24.465 hab.
TOTAL:	**63.258 hab.**		

6. Concellos Afectados

Concello de Oleiros e Cambre.

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 10, nos concellos de Oleiros e Cambre.

Orzamento expropiacións	91.439,04 €
Orzamento bens afectados	814,00 €
Orzamento premio de afección 5%	4.612,65 €
Orzamento total Expropiacións:	96.865,69 €


8. Prazo de execución


O prazo de execución das obras previsto é de DOCE (12) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE)	1.474.192,42 €
Orzamento de Expropiacións e bens afectados	96.865,69 €
Orzamento de Reposición de Servizos Afectados	33.023,20 €
Orzamento de Ensaios de control de calidade	14.424,84 €
Orzamento para Coñecemento da Administración	1.618.506,15 €

PLANO DE SITUACIÓN





SECCIÓNS TIPO



